

EDUCACIÓN E TERRITORIO

Implicacións para o desenvolvemento comunitario

Luis Miguel Nogueiras Mascareñas

CEFOCOP de Ourense

A PERSPECTIVA TERRITORIAL EN EDUCACIÓN

Os procesos educativos e os procesos sociais están estreitamente vinculados. Admitir esta hipótese presupón concibi-la educación nun sentido **aberto, global e permanente**, como unha acción non só de desenvolvemento e promoción persoal, senón de transformación social e cultural dun determinado contexto humano.

A educación está en función das necesidades da persoa e da sociedade, estimulando a participación activa dos individuos en tódolos aspectos persoais e sociais que son do seu interese; encontrándose entre eles o **desenvolvimento da comunidade** á que pertencen. Segundo isto, cremos que os problemas educativos deben ser analizados en relación cos problemas de desenvolvemento da vida local.

A **perspectiva territorial** en educación vainos proporcionar un novo marco tanto de investigación como de intervención socioeducativa.

Toda comunidade é un territorio; polo tanto, inscríbese nun espacio xeográfico. O territorio non só resulta un espacio xeográfico modificado polo home (división do territorio e condicións de vivenda, distribución da poboación segundo a súa situación económica...), senón que ó mesmo tempo é un **espacio ou lugar educativo**. Trátase dunha unidade física e social na que están interactuando as institucións comunitarias e a poboación.

Concibímo-lo territorio como unha unidade problemática de referencia que pode ser diseccionada segundo os diferentes subsistemas (realidade económica, hábitat, realidade educativa, realidade sanitaria...) do sistema

cultural. Ditos subsistemas atoparíanse relacionados entre sí; esixindo, polo tanto, un tratamento interdisciplinar. Consecuentemente con este enfoque, cremos que os fenómenos educativos se deben interpretar segundo a **teoría local da educación**: a realidade educativa dunha comunidade local está estreitamente interrelacionada coas diversas partes constitutivas do sistema de vida presente nun territorio. Un cambio nas partes constitutivas produce variacións na experiencia educativa; e asemade, unha modificación na mesma desencadea alteracións nas variables do conxunto local (Orefice, 1978).

Os diferentes estudios que se realicen sobre o territorio deben adoptar unha **perspectiva interdisciplinar**, tendo en conta que cada realidade empírica (histórico-xeográfica, político-social, económica, demográfica, educativa...) está íntimamente relacionada coas demais e necesita ser considerada dentro dun contexto global.

Un sistema integrado de base territorial posibilita o estudio das necesidades educativas en relación coas esixencias locais, os niveis de intervención (autonomía, provincia, comarca, municipio, barrio...), os campos de actividade (escola, extraescola, educación de adultos...) e sitúa a programación das accións formativas en relación ás institucións presentes no territorio, evitando illamentos e desequilibrios (Requejo, 1989).

A EDUCACIÓN COMO PROXECTO GLOBAL

Aínda que os conceptos de “*educación*” e “*desenvolvemento comunitario*” semellan diverxentes e totalmente desconexionados, o devir sociohistórico encargouse de conectarlos e vencellalos fortemente.

Ata hai poucos anos, a educación considerábase como un proceso limitado no tempo: facía referencia a un conxunto de saberes ou aprendizaxes que o alumno tiña que asimilar nunha etapa concreta do seu desenvolvemento evolutivo (infancia e adolescencia). As devan-ditas aprendizaxes eran adquiridas no marco das institucións escolares ou familiares (educación formal).

A partir dos anos setenta comezan a desenvolverse outros tipos de sistemas (educación informal, e educación non formal principalmente), a educación deixá de circunscribirse ós espacios estritamente escolares e ponse cada vez máis de relevo o papel da sociedade como axente educativo.

Radcliffe e Colleta (1985) diferencian claramente os tres tipos de sistemas:

a) *A educación formal.*

Refírese ó sistema educativo estructurado xerarquicamente e graduado cronoloxicamente. Abrangue desde a escola primaria ata a Universidade.

b) A educación informal.

Supón un proceso de adquisición de valores, actitudes, habilidades e coñecementos a través da experiencia diaria e dos recursos educativos do ambiente (a familia, os veciños, os medios de comunicación...). Ocorre ó longo de toda a vida da persoa. Non é metódica, estruturada, consciente nin intencional.

c) A educación non formal.

Abrangue todas aquelas actividades educativas organizadas fóra do sistema formal establecido.

Aumenta en popularidade a partir da segunda Guerra Mundial e da consecución da independencia por parte de determinados países. Os seus dirixentes consideráranlo como o instrumento máis axeitado para solucionar os problemas relativos ó desenvolvemento económico e social.

O sistema educativo non formal encontrou mellor acollida nos países menos desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento ca naqueles máis avanzados e industrializados. A razón disto é que os programas formais deséñanse e estructúranse para determinados grupos sociais (a poboación rural pobre, os marxinados...) ou diríxense a satisfacer necesidades individuais de aprendizaxe.

Nos anos setenta consegue unha grande difusión; áinda que xa nos anos

cincuenta aparece nos informes da Unesco coa denominación de "desenvolvemento comunitario e educación da comunidade".

Na actualidade, a educación non formal está integrada nos programas de desenvolvemento: nos programas agrícolas, nos programas industriais, na saúde, na nutrición, na planificación familiar, nas campañas de alfabetización para o desenvolvemento comunitario e na acción social.

A educación non formal é menos estructurada, máis práctica, máis flexible nos horarios e máis inmediata nos seus obxectivos cá educación formal: tamén se inspira máis na comunidade, e é máis democrática e de aplicación máis especificamente local.

As estratexias educativas futuras deben considerala educación non só como escolarización, senón como un proceso de aprendizaxe que abrangue toda a vida do individuo, e que pode consistir nunha complexa combinación de educación formal, non formal e informal.

Creamos que non existe unha dicotomía formal/non formal como dous termos excluyentes, senón accións educativas localizadas nun continuum de graos de formalización. O deseñable sería organizar accións educativas menos formalizadas pedagoxicamente, pero interrelacionadas co sistema educativo formalizado en tódalas súas dimensións.

Polo que sería importante e necesario establecer unha rede de **Educación Permanente**, que faría posible (entre outras cousas) o desenvolvemento dun auténtico sentido de comunidade. Ou dito doutro xeito, consideramos moi necesaria a constitución dunha rede de accións educativas que inclúan tanto á escola como a outros grupos comunitarios con funcións educativas.

Asumir este fío argumental presupón concibi-la educación como **proyecto global**, encamiñado a desenvolver tódalas posibilidades do sistema educativo; tanto dentro coma fóra do mesmo.

O DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

Na expresión “desenvolvemento comunitario” convén matizar claramente o sentido de ámbalas dúas verbas.

O termo “desenvolvemento” non o entendemos nunha acepción estrictamente economicista (como unha inversión de capital para que unha poboación concreta incremente a cantidade de bens e servicios nun período de tempo determinado), senón como **desenvolvemento integrado**, de base endóxena; destinado a xerar emprego, incrementa-las rendas e consegui-lo benestar social da poboación das áreas desfavorecidas. Trátase, polo tanto, dun desenvolvemento **humano, equilibrado e integral**.

Abrangue varios sectores (económico, político, social, educativo e administrativo) e inscríbese nun espacio democrático. Non se limita só á satisfacción das necesidades básicas (alimentación, vestido, vivenda...) senón ó aumento dos niveis de vida (educación, cultura...) e ás condicións de emancipación e liberdade (Requejo, 1991).

O termo “comunidade” fai referencia a un sistema de relacións sociais nun espacio definido, integrado por intereses e necesidades compartidas.

Quintana (1991) considera á comunidade non só como un grupo social natural de tipo secundario, senón como o lugar propio onde se establecen as xenuinas relacións sociais (coñecemento mutuo, convivencia, diálogo, experiencias colectivas...).

Toda comunidade ven definida por tres aspectos básicos (Porzecanski, 1983; Ware, 1986; Kisnerman, 1986; Marchioni, 1987):

a) A comunidade é un **territorio**; é dicir, fai referencia a un conxunto de persoas que viven nun espacio xeográfico determinado.

b) As **interaccións** entre os seus membros: as relacións ou interaccións poden ser de vecindade, de traballo, de lecer, etc.; non excluíndose, de ningún xeito, os conflictos e as discrepancias entre os seus membros.

c) O **sentimento** de pertenza, que lles permite identificarse coa comunidade de orixe.

Ainda que ó longo da historia tiveron lugar diferentes tentativas encaimadas a logra-lo ben común polo esforzo comunitario (a cooperación, a axuda mutua, ou melloramento social, poden ser bós exemplos), non será ata os anos cincuenta e sesenta do noso século cando os organismos especializados de Nacións Unidas (OIT, FAO, UNESCO, OMS...) deseñen e experimenten os primeiros programas de desenvolvemento da comunidade (baixo a fórmula de programas de auto-axuda en favor das rexións pobres).

A partir de aquí, o desenvolvemento comunitario proponse como método e plan de acción con dous obxectivos primordiais: conseguir melloras nas condicións de vida dos campesiños de Asia e África, e preparalas colonias para a súa independencia.

Os programas de desenvolvemento comunitario insisten en que, nas primeiras etapas, tan importantes como as melloras materiais son os cambios nas actitudes e na vida de relación.

Algúns anos máis tarde, os programas de desenvolvemento comunitario aplícanse tamén en ámbitos urbanos, implicándose directamente no desenvolvemento global.

Concibímo-lo desenvolvemento

comunitario no só como unha técnica de acción social (xa que precisa da colaboración de axentes con certo grao de especialización) indispensable para lograla participación popular nos plans de desenvolvemento; senón como un **proceso educativo** coordinado e sistemático encaimado a lograr cambios cualitativos nas actitudes e comportamentos da poboación; é dicir, trátase dun **instrumento fundamental para a preparación psicosocial das comunidades**. Diríxese ás comunidades desenvolvidas ou a aquelas que se atopan en situación de marxinación (sociocultural ou económica), ou de insuficiente utilización dos recursos disponibles. Un dos seus obxectivos fundamentais consiste na consecución da **participación voluntaria, consciente e responsable** da poboación no seu propio desenvolvemento (económico, cultural, educativo, productivo...), co fin de que poida acceder a niveis óptimos de benestar social e de calidade de vida (Nogueiras Mascareñas, 1992)

Nos países do Terceiro Mundo o desenvolvemento comunitario orientase cara ó conxunto da poboación dunha determinada comunidade; namentres que nas nacións más favorecidas centrarse nunha parte específica da mesma con determinado tipo de problemas (os pobres, os marxinados, un barrio...), pero atendendo a todo o contorno social onde vive esa poboación con problemas.

O desenvolvemento comunitario necesita estar sempre ligado á acción goberamental; e viceversa: ós

poderes públicos correspónelles asumir iniciativas, lexislar, fixa-los obxectivos globais e cuantitativos; mentres que a tarefa do desenvolvemento comunitario debe encamiñarse a lograr cambios actitudinais e de comportamento, organiza-lo texido institucional de base e a participación. Ou dito doutro xeito: namentres que a acción dos poderes públicos se sitúa nunha vertente cuantitativa, o desenvolvemento comunitario oriéntase máis ós aspectos cualitativos.

O DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO NA COMUNIDADE EUROPEA

A Comunidade Europea ven apostando polo medio rural desde o ano 1989. Os seus fondos estructurais (FEDER, FSE, FEOGA) inciden directamente naquellos “rexións” que, polas súas condicións obxectivas, se atopan máis necesitadas (en función da “renda per cápita”), procurando que as disparidades rexionais se suavicen ó máximo (Regulamento da Comunidade Europea nº 2052/88 e disposicións relativas á súa aplicación ó FEDER).

Co fin de gradua-las actuacións dos fondos económicos comunitarios establecéronse uns obxectivos numerados do 1 ó 5, incluíndo na categoría de “rexións” menos desenvolvidas e no obxectivo nº 1 a todas aquelas que tivesen unha renda per cápita inferior ó 75% da media comunitaria. Forman parte deste obxectivo: a totalidade de Grecia e

Portugal, o sur de Irlanda, os departamentos de ultramar franceses, Córsega, Sicilia, Serdeña e nove CC. AA. españolas (entre elas, Galicia).

Posteriormente, fíxanse uns marcos comunitarios de apoio, nos que se definen as accións que se realizarán e o volume de inversión que tanto a Comunidade Europea como as autoridades do país membro se comprometen a destinar para o desenvolvemento das áreas menos favorecidas.

A Comunidade Europea entende que o **desenvolvemento endóxeno** dunha comunidade ou zona rural é indispensable; e, consecuentemente, ponse a énfase no aproveitamento dos recursos propios (naturais e humanos; antepoñendo os segundos ós primeiros) dunha comunidade ou zona rural.

O deseño dun modelo de desenvolvemento debe incluír, polo menos, tres elementos:

a) As potencialidades locais en materia de recursos naturais e humanos para optimiza-lo seu aproveitamento.

b) A identidade cultural do lugar e o modelo tradicional da vida local.

c) As expectativas de apoio (desenvolvemento esóxeno): a oferta institucional de colaboración e axuda económica por parte dos poderes públicos. Correspónelles ós poderes públicos potenciar todo tipo de accións tendentes

á reactivación ou expansión económica (desenvolvemento da agricultura, do artesanado, da pequena industria, do turismo rural), á mellora do marco de vida (equipamentos e dotacións básicas, vivenda e hábitat, servicios sociais e asistenciais) e á promoción da acción educativa e cultural.

Pola súa especial incidencia no mundo rural convén salienta-los "Programas Leader" e os centros "Carrefours".

O "Programa Leader" (I e II) para o desenvolvemento rural vai destinado á explotación do herdo natural das zonas rurais. Estimula iniciativas empresariais e proporciona apoio e organización para a execución das iniciativas locais. As súas accións más salientables concéntranse na elaboración de programas, na avaliación de necesidades e, prioritariamente, na sensibilización en materia de desenvolvemento rural. Tamén favorece e fomenta a formación profesional, o turismo rural, e a explotación e comercialización dos productos agrícolas locais.

Os "Carrefour" son centros de información e animación rural. Son lugares de encontro e información, destinados a promove-la creación de lazos entre a Comunidade e os diferentes niveis rexionais e locais do mundo rural europeo.

No ámbito da Comunidade Europea e do Concello de Europa (Bél-

xica, Gran Bretaña, Francia, Italia, Portugal...), diferentes organismos públicos e organizacíons non gobernan-
tais veñen aplicando e experimentando distintos programas encamiñados á potenciación do desenvolvemento dos recursos humanos nas zonas desfavorecidas. Salientamos entre elas: a Asociación Internacional R.E.D. (promotora de programas transfronterizos no eido do medio ambiente, o patrimonio e as telecomunicacións), os programas comunitarios de loita contra a pobreza, as "maisons familiales rurales" francesas, a asociación "Turismo en Espacio Rural" (Francia), o Programa de Desenvolvemento Rural Integrado de Trás-os Montes (Portugal), o programa sindical italiano de "La Coldiretti", os "Colexios Agrícolas" (Gran Bretaña), as Cooperativas de ámbito cultural, os Museos etnográficos (ou Ecomuseos), etc.

O DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO EN ESPAÑA

España mantívose case á marxe do movemento de desenvolvemento comunitario; sen embargo houbo algunas experiencias no medio rural que podemos calificar en termos educativos como de "educación non formal ligada ó desenvolvemento". Un bó exemplo disto foron:

a) Os *teleclubs*.

Nun primeiro momento foron centros de reunión veciñal e de orga-

nización de actividades culturais. Hoxe en día, a meirande parte desapareceron ou reconvertéronse en asociacións culturais.

b) *Os Colexios Familiares Rurais.*

Foron creados co obxectivo de supli-las carencias de educación e promoción dos adolescentes do medio rural. Entre os seus fins inclúan (González Miguel, 1988): a promoción da comarca onde estaban ubicados, a educación integral dos xoves rurais e a formación técnica (basicamente agrícola). Dos Colexios Familiares derivarán as cooperativas, os sindicatos campesiños e as escolas campesiñas.

c) *O Servicio de Extensión Agraria.*

Actuaron permanentemente nas comunidades rurais coa finalidade de impulsar cambios favorables de actitude, mellora-lo contorno social e espalla-los coñecementos e as técnicas necesarias. Non acadaron os resultados esperados, por moi diferentes razóns: a escasa disposición por parte do propio Servicio de Extensión Agraria para potenciar asociacións concretas que permitisen solventa-los problemas, a pouca conciencia por parte da poboación sobre os seus problemas e necesidades, e as actitudes negativas dos agricultores respecto ó cooperativismo e ó asociacionismo.

d) *As Escolas Campesiñas.*

Apareceron baixo catro formas diferentes (Díaz González, 1988):

- As escolas de base ou escolas habituais: integradas por campesiños que dialogan e discuten da diferente problemática (económica, ecolóxica, educativa...) que afecta á comunidade, tentando de buscar solucións concretas para os problemas.
- As escolas especializadas: destinadas a colectivos cunha temática moi concreta e restrinxida. Inclúan ós xoves, ás escolas de pais e ás escolas de formación cooperativa.
- Os cursos monográficos ou cursillos: de formación cooperativa, cursos de sindicalismo agrario e de comercialización de produtos agrarios.

• As escolas ocasionais: que xorden nos anos setenta nas zonas deprimidas da provincia de Avila, froito do enorme problema migratorio existente nesa comarca. O seu obxectivo consistía en organiza-lo campesinado das áreas xeográficas desfavorecidas para que non emigrasen. Non obstante, non acadaron este obxectivo.

e) *As Universidades Populares.*

Os seus programas iniciais sitúanse no eido da educación non formal, e basicamente organizan cursos e obradoiros destinados á ocupación do ocio e do lecer. Algún tempo despois,

incorpóranse ós anteriores cursos de alfabetización e de educación básica de adultos.

De la Riva (1988) sinala que as UU.PP. se propoñen tres estratexias:

- Estimula-la motivación dos cidadáns máis desfavorecidos para que participen na vida social e cultural do seu medio.
- Facilita-las oportunidades para que os membros da comunidade participen e contribúan a mellora-la súa vida.
- Estimula-lo asociacionismo e apoia-las formas de organización cidadá que permitan o exercicio da participación responsable e solidaria.

Coa instauración da democracia en España, a descentralización dos servicios e as transferencias, o desenvolvemento comunitario recibe un grande pulo, ó xurdir nas zonas rurais os denominados “plans comarcais”. Estes plans inclúen a contratación de axentes socioculturais, a creación de servicios sociais de base, o fomento do cooperativismo, as aulas de Educación Compensatoria, as Aulas de Cultura e os Centro de Recursos Comunais.

Nos derradeiros anos foise abrindo camiño a idea de que a solución dos problemas rurais pasa pola utilización das súas potencialidades de transformación, a través dunha estratexia de **desenvolvemento local integrado**. O

desenvolvemento rural concíbese fundamentalmente como desenvolvemento endóxeno, encamiñado a desperta-la capacidade de iniciativa da poboación e a convertela na protagonista do seu propio desenvolvemento.

Segundo estas directrices experimentáronse ou estanse a experimentar distintas experiencias (O “Proxecto Diadena” no Pirineo Navarro, o “Proxecto Lebrija”, ou o “Proxecto Presam” para o macizo de Gredos) ou Programas más ambiciosos, como o “Programa de Desenvolvemento Comunitario Rural” de Cáritas Española (Aganzo, 1989) ou o “Programa Culturalcampo” do Ministerio de Cultura (Hernández, 1989), na práctica totalidade do estado español, coa fin de dinamiza-las zonas rurais deprimidas.

O DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO EN GALICIA

Lembremos que Galicia está incluída entre as denominadas “rexións obxectivo nº 1” da Comunidade Europea e que o seu modelo económico responde ó esquema típico do **subdesenvolvemento**: a Comunidade Autónoma galega ofrece un esquema productivo e de distribución sectorial do emprego bastante distanciado da configuración estructural dos países desenvolvidos do seu contorno europeo. Neste sentido, a Comisión europea califica a Galicia como “rexión menos desenvolvida”¹.

O elevado emprego agrario existente (cun volume de emprego cercano ó 30%) está intimamente ligado a unha intensa ruralización, e ten o seu reflexo directo sobre unha serie de dimensións da realidade galega: o elevado número de asentamentos de poboación rural existentes (o 50'6% do total de España), a súa dotación de infraestructuras e servicios, o número de parcelas e explotacións agrarias e o tamaño ou fragmentación das mesmas, a ordenación do territorio, a organización das actividades productivas, as pautas de comportamento e de relación (tanto económicas coma sociais), o modelo cultural, as vías de inserción no contorno, e o nivel e calidade de vida (Fernández, 1990).

A actividade agraria galega ten un matiz basicamente minifundista e está orientada ó autoconsumo. Outros aspectos salientables son: o traballo da muller, o meirande envellecemento da poboación galega con respecto á española, e a propia estructura de clases existente (Idega, 1992).

Loxicamente, todos estes indicadores (excesiva porcentaxe de poboación activa dedicada ó sector primario, baixo nivel de equipamento social e familiar, grandes diferencias interclases, renda por habitante por debaixo da media nacional...) van te-la súa incidencia directa no ámbito educativo, debido á íntima conexión entre os contextos educativos e os contextos sociais.

Neste senso, compartímo-la opi-

nión de Caride e Rouco (1990, p. 21) cando díen que "os contextos sociais, o territorio e as sociedades que os configuran, representan un marco ineludible, e ó mesmo tempo privilexiado, na percepción e interpretación dos feitos educativos".

O denominado "Plan Galicia de Educación" (MEC., 1970) xa daba conta da penosa situación na que se atopaba o sistema educativo galego a finais dos anos sesenta: desconexión escola-sociedade, nivel medio escolar da poboación estudiantil nacional moi superior ó galego, escasa porcentaxe de alumnos inscritos en preescolar, abundos prematuros dos estudos, etc.

Nos anos setenta xorden as concentracións escolares tentando dar resposta ás esixencias da Lei Xeral de Educación (1970); non obstante traen aparellados novos problemas: o do transporte escolar (cunha media de alumnos transportados tres veces superior en Galicia á media estatal), o do desarraigo familiar, e a desconexión escola-sociedade (non só polo que se refire á distribución dos centros escolares, senón á súa arquitectura externa).

Os Colexios Públlicos Rurais Agrupados de EXB e Preescolar (CRA) representan ó noso entender unha alternativa idónea ás concentracións escolares. Os CRA son agrupacións funcionais de escolas unitarias ou mixtas dunha determinada comarca: o neno no é separado do seu medio familiar, nin sofre os inconvenientes ocasionados polo transporte escolar. Pretenden ademáis, mello-

ra-la calidad da ensinanza nas comunidades rurais, procurando ó mesmo tempo a súa revitalización económica, social e cultural.

Con todo, e a pesar das melloras producidas nos últimos anos, aínda queda moito por facer para que a situación educativa de Galicia chegue a uns niveis aceptables. O obxectivo é a consecución dunha escola dotada dun currículo unitario e integrado desde a perspectiva da sociedade (Costa, 1990). Á hora de deseñar unha política educativa para Galicia debemos ter en conta todos estes aspectos, así como a súa adecuación á realidade territorial (urbana/rural, interior/costeira).

En Galicia, o mesmo ca en España, non existiu desenvolvemento rural propiamente dito. Para os distintos gobiernos existentes o único que contaba era a agricultura, non o medio rural.

Neste sentido, identificábbase erroneamente a agricultura co medio rural, e únicamente se concedían pequenas axudas ó medio rural; case sempre escasas e inconexas, endexamais integradas. Pero ¿cales foron as razóns de que non existise desenvolvemento rural en Galicia? Enumeramos algunas delas (Uncear, 1989):

a) *A carencia de desenvolvemento endóxeno.*

Nunca houbo un movemento asociativo rural dunha certa entidade e

consistencia. Ademais, as escasas asociacíons existentes nos pobos presentaban na meirande parte dos casos moi pouco dinamismo, sendo tamén moi pobre a participación dos seus socios.

b) *Ausencia de desenvolvemento esóxeno.*

Tampouco se pode falar dunha política coherente e global de desenvolvemento rural (materializada en transferencias a nivel local) por parte dos poderes públicos. En Galicia, endexamais houbo unha coordinación institucionalizada entre as diferentes consellerías directamente implicadas no desenvolvemento rural (Agricultura, Educación, Cultura, Traballo e Benestar Social, Sanidade, etc.). Ademais, as transferencias dos poderes públicos en favor do desenvolvemento local foron sempre exigüas, de escasa entidade e estiveron moi pouco coordinadas.

c) *Carencia de animadores.*

Outro aspecto salientable foi a falla de animadores ou axentes de desenvolvemento económico e social especificamente capacitados para dar pulo e cataliza-lo desenvolvemento endóxeno, propiciando a súa incidencia no desenvolvemento esóxeno. Os poucos animadores existentes no medio rural presentaban na meirande parte dos casos unha capacidación e experiencia de tipo urbano, circunscrita case sempre ó eido do ocio e do lecer (animación sociocultural). No obstante, si convén recoñecer

que nos últimos anos se están levando a cabo de xeito continuado contratacóns de **axentes de desenvolvemento local** por parte dos concellos galegos e convocatorias de cursos de formación e perfeccionamento para estes profesionais.

Na actualidade, distintas institucións privadas e organismos públicos (Xunta, concellos, mancomunidades, deputacións...) tentan favorecer e dar pulo ó desenvolvemento comunitario das áreas xeográficas deprimidas de Galicia²:

a) A Fundación Galicia/Europa.

Está formada pola Xunta de Galicia e distintas entidades do sector financeiro. O seu traballo consiste en promover todas aquelas accións que propicien o achegamento de Galicia a Europa: información, asesoramento, divulgación de temas europeos de interese xeral, organización de cursos e seminarios, ou convocatoria de bolsas, etc.

b) O Instituto de Desenvolvemento Comunitario de Galicia (IDC).

Nace no ano 1986, coa pretensión de facilitar ós distintos sectores e núcleos de poboación (principalmente ós nenos favorecidos) o acceso a un mellor aproveitamento dos seus recursos naturais e humanos. O seu traballo abrangue un variado e heteroxéneo conxunto de accións de natureza socioeducativa, sociocultural e socioeconómica, co

obxectivo de fomenta-la participación social e dar pulo ó progreso educativo, cultural e económico. Ó longo dos últimos anos foi creando diferentes estruturas informativas, formativas e asociativas destinadas a promove-lo desenvolvemento rural:

- As Aulas Cooperativas de Información e Cultura (ACIC), con dous fins primordiais: a información social (atendendo a todo tipo de consultas da xente dunha determinada comarca en relación con cuestións da vida ordinaria e do seu traballo) e a formación/acción cultural, programando actividades de formación e animación que fagan posible a estructuración asociativa da poboación.

- Os Centros de Animación Rural (CEAR), ou asociacións de familias creadas para satisfacer determinados fins: a mellora do estado e das condicións de vida dun pobo ou localidade, a satisfacción das necesidades máis específicas das familias e a atención ás súas esixencias máis inmediatas (Uncear, 1988).

c) O Gabinete De Planificación e Desenvolvemento Territorial (adscrito á Consellería de Presidencia e Administración Pública).

O Gabinete de Planificación ven concentrando os seus esforzos na ordeñación e delimitación do territorio galego mediante a posta en marcha do "Plan de Desenvolvemento Comarcal" (Precedo, 1994).

A finalidade deste Plan consiste na implantación dun modelo de crecemento equilibrado, baseado na dinamización dos recursos locais ou endóxenos, mediante a creación de organizacións intermedias de coordinación e potenciación das existentes. Trátase, polo tanto, dun Plan integrado de coordinación e desenvolvemento local.

Toda división comarcal implica ou presúpón un modelo de organización territorial concreto e específico, polo que as distintas entidades e núcleos poboacionais (cidades, vilas, pobos, lugares e aldeas) se integran nunha mesma realidade (a través de complexas interrelacións), sendo a comarca o seu soporte territorial. A comarca non representa soamente unha estructura espacial, funcional ou sistemática, senón que basicamente constitúe un espacio humanizado no que teñen lugar unhas actividades específicas. Nos cremos que a comarca é a escala espacial máis adecuada para promover un desenvolvemento potenciador dos recursos endóxenos.

Ata agora, o Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial delimitou en diferentes fases (1991-1994) un total de **20 comarcas piloto** no conxunto de Galicia (cinco en cada provincia):

- Na provincia de A Coruña: Arzúa, Bergantiños, Melide, Ordes e Ortegal.

- Na provincia de Lugo: A Ulloa, Ancares, Fonsagrada, Terra Cha e Terra de Lemos.

- Na provincia de Ourense: Carbaliño, Ribeiro, Terra de Celanova, Trives e Valdeorras.

- Na provincia de Pontevedra: Baixo Miño, Paradanta, Salnés, Tabeirós-Terra de Montes e Terra do Deza.

En cada unha das comarcas piloto foron creadas senllas **Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal**, co obxecto de pór en marcha as accións xenéricas definidas no Plan de Desenvolvemento Comarcal: deseño de programas específicos solicitando a súa implementación ós organismos correspondentes, e incentivación da participación dos sectores e axentes económicos e sociais ós que vai dirixido. Á fronte de cada unha das Fundacións está un xestor profesional de desenvolvemento local.

Debido á recente creación das Fundacións, aínda non resulta posible avaliar as súas actuacións.

BIBLIOGRAFÍA

- Aganzo, A. (1989): *Mundo rural y animación comunitaria*, Cáritas Española, Madrid.
- Caride, J.A., e J.F. Rouco (1990): "A educación nos contextos sociais: a súa caracterización nos medios rural e urbano", en J.A. Caride (Dir.): *A Educación en Galicia. Informe Cero: problemas e perspectivas*, Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago, 19-50.
- Colección Encontros Galicia-CEE (1991): *Novas estratexias para un desenvolvemento rural europeo*, Fundación Galicia-Europa, A Coruña.
- Coombs, P.H. (1985): *La crisis mundial en la educación*, Santillana, Madrid.
- Costa, A. (1990): "Dependencia cultural e proceso de escolarización", en J.A. Caride (Dir.): *A Educación en Galicia. Informe cero: problemas e perspectivas*, Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago, 51-64.
- De la Riva, F. (1988): "Universidades Populares: Un proyecto de educación popular para el desarrollo de la participación social", en Varios: *Una educación para el desarrollo: la Animación Sociocultural*, Fundación Banco Exterior, 121-130.
- Díaz González, T. (1988): "Una experiencia en el ámbito rural: Las escuelas campesinas", en Varios: *Una educación para el desarrollo: la Animación Sociocultural*, Fundación Banco Exterior, 131-142.
- Fernández, G. (1990): *La economía agraria gallega en 1990*, Cooperativas Orensanas (COREN), Ourense.
- González Miguel, I. (1988): "Antecedentes de Desarrollo Comunitario en el medio rural", en Varios: *Los servicios sociales en el medio rural*, Siglo XXI, 107-114.
- Hernández Lucas, A. (1989): *Cultura y desarrollo en el medio rural*, Narcea, Madrid.
- Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- (1992): *A economía galega. Informe 1990-91*, Universidade de Santiago de Compostela/Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- Kisnerman, N. (1986): *Teoría y práctica del Trabajo Social*, Humanitas, Buenos Aires.
- Marchioni, M. (1987): *Planificación social y organización de la comunidad*, Popular, Madrid.
- MEC (1971): *Planificación de la Educación. Galicia*, Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid.
- Nogueiras Mascareñas, L.M. (1992): *Educación, territorio y Desarrollo Comunitario en la comarca de Allariz (Ourense)*, Departamento de Teoría e Historia da Educación, Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, Universidade de Santiago. Tese de Doutoramento (non publicada).
- Orefice, P. (1978): *Educazione e territorio*, La Nuova Italia, Firenze.
- Porzecanski, T. (1983): *Desarrollo de la comunidad y subculturas*, Humanitas, Buenos Aires.
- Precedo Ledo, A. (1994): *Desenvolvimento territorial e Planificación comarcal*, Gabinete de Planificación e Desenvolvimento Territorial/Xunta de Galicia, Santiago.
- Quintana Cabanas, J.M^a (1991): *Pedagogía comunitaria*, Narcea, Madrid.
- Radcliffe, D.J., e N.J. Colletta (1985): "Educación no formal", en T. Husen, e T. Neville.: *Enciclopedia Internacional de la Educación*, Vol.3, 1837-1842.
- Requejo Osorio, A. (1989): "A dimensión territorial no marco da realidade socioeducativa. Determinantes básicos para un estudio socioeducativo: Ourense", en A. Requejo Osorio, e X.M. Cid Fernández (Coords.): *Educación e sociedad en Ourense*, Edicións do Castro, 11-36.
- Requejo Osorio, A. (1991): "Desarrollo Comunitario y Educación", en J.M^a Quintana, (Coord.): *Iniciativas sociales en educación informal*, Rialp, 349-360.

- Rezsöhazy, R. (1988): *El desarrollo Comunitario*, Narcea, Madrid.
- Unciar (1988): "El CEAR como asociación de familias rurales", *Renovación Rural*, 7, setembro-outubro, 8-11.
- Unciar (1989): "Realidades y expectativas del desarrollo rural en España", *Renovación Rural*, 11-12, maio-agosto, 27-28.
- Ware, C. (1986): *Estudio de la comunidad*, Humanitas, Buenos Aires.